




POLA MURALLA DE LUGO

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 2,2 km

Dificultade: baixa

Duración: 1 hora

A muralla de Lugo (a antiga *Lucus Augusti*) é o elemento máis destacado do rico patrimonio histórico que podemos atopar na cidade. Foi declarado Monumento Nacional en 1921 e Patrimonio da Humanidade en novembro de 2000, por ser o mellor exemplo de fortificación militar do imperio romano, que se conserva case integro e con moi poucas alteracións desde a súa orixe.


É unha fortificación de máis de dous quilómetros de circunferencia que rodea todo o recinto histórico, a única de orixe romana no mundo que conserva íntegro o seu percorrido. A construción fíxose entre o ano 260 e o 325. O perímetro ten forma case elíptica, con 2.266 m de lonxitude e unha altura que está entre os 8 e os 12 metros. O camiño sobre a muralla (adarve) ten de 4,5 a 7 m de ancho. O espesor dos muros acadanalgúns puntos os 7 metros. A muralla orixinal tiña 85 torres, das que se conservan 71 (sesenta de planta circular e once de planta cuadrangular) e no exterior un foxo que podía encherse de auga en caso de perigo. Está construída con laxas de lousa e bloques de granito. As lousas forman o armazón exterior da muralla e os bloques de granito foron empregados sobre todo para reforzar as torres que flanquean as portas. O núcleo da estrutura é un morteiro fabricado con terra, pedra solta e cantos.

Na actualidade ten dez portas, pero na época romana contaba con cinco que coinciden coas actuais Porta Miñá, Porta Falsa, Porta de San Pedro, Porta Nova e Porta de Santiago. A Porta Miñá e, posiblemente, a Falsa son de factura orixinal, as outras tres son posteriores. As modernas son as do Bispo Aguirre, Bispo Izquierdo, A Estación, San Fernando e Bispo Odoario. Ademais había sete poternas (portas pequenas e estreitas, de difícil acceso) que se empregaban en caso de asedio.

Á muralla pódese acceder por seis escaleiras: no Campo Castelo, na Praza do Cantiño, na Porta da Estación, na Porta Falsa, na Porta Nova e na Porta Miñá e dúas rampas, unha de recente construción, ao pé da Porta Miñá e a da Porta de Santiago, aínda que existen vestixios de dezaseis posibles accesos e crese que en orixe podía haber unha escaleira por cada torre.

Propoñemos unha volta polo adarve da muralla un paseo de firme compacto e seguro, tanto para camiñar como para botar unha carreira, por un lugar único, con 2000 anos de historia. Unha ruta circular axeitada para calquera época do ano, agás tempo con chuvia forte ou calor excesiva, e para calquera hora do día, porque grazas á iluminación de que dispón tamén se pode facer pola noite; nin de todo chan nin con moita pendente, para facer ao ritmo que a cada un lle conveña e co tempo que queira adicarlle. Unha ruta na que ademais de gozar do simple placer de camiñar podemos descubrir ou recrearnos na contemplación da cidade, de dentro e de fóra, desde unha perspectiva diferente, e ao tempo sentir de primeira man a amplitude, a inmensidade e a enorme complexidade da obra para valorala en toda a súa extensión, sensación e goce que se reforzan e amplían cando baixamos para poder apreciála desde o nivel do chan sobre todo nos lugares desde onde se abrangue un tramo de certa lonxitude e nos puntos máis emblemáticos, que o son todos, para encherse da forza da obra e de admiración polos seus construtores, porque en cada volta e en cada detalle, se descubre a inxente magnitude do esforzo e as impresionantes proporcións do traballo.





COMO CHEGAR

Pódese acceder por calquera das escaleiras ou rampas. Para percorrela, por arriba, son 2 km e algo. Para coñecela, unha volta por arriba e outra por fóra, 4,5 km. Ou facer un mixto, percorrela por arriba e baixar para ver desde a ronda os lugares máis interesantes, entre 3 e 4 km.

Ademais de camiñar e coñecer a muralla podemos aproveitar para visitar o importante patrimonio representativo dos dous mil anos de existencia de cidade: Casa dos Mosaicos, Termas Romanas, Centro de Interpretación da Muralla, Centro Arqueolóxico de San Roque e completalo coa visita á catedral e o burgo vello e aos diferentes museos.



Porta Miñá ou Porta do Carne, a máis antiga, de orixe romana e a que sufriu menos modificacións. Era a porta que daba saída á estrada que ía ao Miño e a Iria Flavia.



Porta Falsa. Era unha porta de escape en caso de asedio.



Porta de San Pedro. Por esta porta entraban as calzadas XIX e XX procedentes de Astorga e Braga. Na actualidade é por onde entra o Camiño de Santiago na súa variante do Camiño Primitivo. Está decorada na súa parte exterior co escudo da cidade. Sobre a coroa do escudo da cidade a xente adoita lanzar moedas para pedir un desexo, que se cumpre se a moeda queda enriba.



Porta de Santiago ou do Pexigo. É a máis achegada á catedral. Foi unha porta particular dos cóengos para acceder ás súas hortas ata ata 1589. Era unha porta de saída e foi decorada na parte superior cunha imaxe do Apóstolo Santiago.



A Mosqueira. Crese que a muralla estaba coroadada con grandes torres con xanelas. Hoxe a única que se conserva parcialmente é A Mosqueira, convertida nun dos símbolos da cidade de Lugo.

